

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

**13185** *Real decreto 1162/2018, do 14 de setembro, polo que se regula a Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado.*

O artigo 72 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, atribúe aos delegados do Goberno a representación do Goberno da Nación no territorio da respectiva comunidade autónoma e encoméndanlles, conforme o artigo 154 da Constitución, a dirección e supervisión da Administración xeral do Estado no territorio. O artigo 73.1.a) da mesma lei outórgalles competencias concretas de dirección, coordinación, supervisión e impulso neste ámbito.

Para facilitar o desempeño destas funcións, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, regula, no seu artigo 78, a Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado, órgano colexiado encargado de coordinar a actuación da Administración periférica do Estado cos distintos departamentos ministeriais. O número 3 deste precepto establece que se regularán mediante real decreto as súas atribucións, composición e funcionamento.

Con esta previsión dáse recoñecemento legal a un órgano colexiado xa creado polo Real decreto 119/2003, do 31 de xaneiro, e que veu desempeñando as súas funcións de xeito satisfactorio. Mediante o presente real decreto introdúcense algunhas modificacións na súa organización e funcionamento, co obxecto de mellorar a súa operatividade.

O presente real decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, respectáronse os principios de necesidade, eficiencia e proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible e co rango necesario para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, sen incremento de gasto público e sen restrinxir dereitos dos cidadáns nin lles impoñer obrigas directas de ningún tipo.

O presente real decreto reforza o principio de seguridade xurídica, pois é coherente coa normativa en materia de organización e funcionamento dos órganos colexiados e resulta preciso co fin de mellorar a operatividade do órgano.

En canto ao principio de transparencia, e dado que se trata dunha norma puramente organizativa, a súa tramitación encóntrase exenta da consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas.

A norma pretende tamén lograr unha aplicación máis efectiva do principio de coordinación recollido no artigo 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, como principio básico de actuación da Administración xeral do Estado, de acordo, pola súa vez, co establecido no artigo 103 da Constitución.

O reforzo desta coordinación servirá, igualmente, para potenciar o cumprimento dos obxectivos xerais fixados polo Goberno para a Administración periférica e, especialmente, para facilitar e dar maior fluidez ás comunicacións e ao intercambio de información entre a Administración periférica do Estado e os servizos centrais dos departamentos ministeriais.

Este real decreto está incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado para 2018.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de setembro de 2018,

## DISPOÑO:

*Artigo 1. Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular as atribucións, a composición e o funcionamento da Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado, que se configura como o órgano colexiado responsable de coordinar a actuación da Administración periférica do Estado cos distintos departamentos ministeriais.

*Artigo 2. Adscrición.*

A Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado adscribese ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Política Territorial.

*Artigo 3. Estrutura e réxime de funcionamento.*

1. A Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado funcionará en Pleno ou en Comisión Permanente.

2. O Pleno reunirase, polo menos, unha vez ao ano e, en todo caso, cando o considere necesario o seu presidente.

3. No non previsto polo presente real decreto, a Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado, tanto en Pleno como en Comisión Permanente, axustará o seu funcionamento ás normas xerais de actuación dos órganos colexiados dispostas na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

*Artigo 4. Composición e funcións do Pleno.*

1. O Pleno da Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado estará composto polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituída por quen exerza a vicepresidencia e, na súa falta, polo membro do Pleno de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

b) Vicepresidencia: a persoa titular da Secretaría de Estado de Política Territorial.

c) Vogais:

1) A persoa titular da Secretaría Xeral de Coordinación Territorial.

2) As persoas titulares da subsecretaría de todos os departamentos ministeriais.

3) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía.

4) A persoa titular da Dirección Xeral de Política Interior do Ministerio do Interior.

d) Secretaría:

A Secretaría da Comisión interministerial será desempeñada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Impulso da Administración Periférica, que actuará con voz pero sen voto.

2. En función dos asuntos que se vaian tratar, a persoa titular da Presidencia tamén poderá convocar ás reunións outros altos cargos da Administración xeral do Estado e responsables de organismos públicos, que poderán participar con voz pero sen voto.

3. O Pleno da Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado terá as seguintes funcións:

a) Mellorar a coordinación da actuación da Administración periférica do Estado cos departamentos ministeriais e cos seus organismos públicos.

- b) Potenciar a comunicación e o intercambio de información entre a Administración periférica do Estado e os ministerios e os seus organismos públicos.
- c) Propoñer criterios xerais e liñas básicas de actuación da Administración periférica do Estado nas súas relacións con outras administracións públicas.
- d) Emitir informe, cando o soliciten os órganos competentes, en relación cos proxectos normativos relacionados coa Administración periférica do Estado.
- e) Establecer canles de información en relación coas actuacións e proxectos que vaian desenvolver os departamentos ministeriais e os seus organismos públicos, no ámbito da Administración periférica do Estado.
- f) Cantas funcións sexan necesarias para lograr o obxectivo xeral de coordinación da Administración periférica do Estado cos departamentos ministeriais.

Artigo 5. *Composición e funcións da Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidencia: a persoa titular da Secretaría Xeral de Coordinación Territorial.  
En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituída polo membro da Comisión Permanente de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.
- b) Vogais:
  - 1) As persoas titulares da Subdirección Xeral de Coordinación e da Subdirección Xeral de Impulso da Administración Periférica.
  - 2) As persoas titulares das direccións xerais ou subdireccións xerais dos departamentos ministeriais que teñan competencias relacionadas cos asuntos que se vaian tratar, de acordo coa orde do día da convocatoria. Serán convocados pola presidencia por proposta do seu respectivo ministerio.

c) Secretaría:

A secretaría da Comisión Permanente será desempeñada por unha persoa coa condición de funcionario da Subdirección Xeral de Coordinación da Administración Periférica designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Coordinación Territorial, que actuará con voz pero sen voto.

2. En función dos asuntos que se vaian tratar, a persoa titular da presidencia da Comisión Permanente tamén poderá convocar ás reunións outros representantes da Administración xeral do Estado e de organismos públicos, que poderán participar con voz, pero sen voto.

3. A Comisión Permanente realizará os traballos preparatorios das sesións que vaia celebrar o Pleno, así como cantas funcións lle encomende ou delegue aquel.

Disposición adicional única. *Gastos de funcionamento.*

O funcionamento da Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado non supoñerá incremento de gasto público e atenderase cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, en particular, o Real decreto 119/2003, do 31 de xaneiro, polo que se crea e regula a Comisión interministerial de coordinación da Administración periférica do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de setembro de 2018

FELIPE R.

A ministra de Política Territorial e Función Pública,  
MERITXELL BATET LAMAÑA